

SERVIZO DE  
EDUCACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
EDUCACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



<b>EXPEDIENTE:</b> 76-142	<b>ASUNTO:</b> XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS
	<b>SOLICITANTE:</b> DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

## INFORME

En resposta á solicitude sobre xustificación da condición de subvencións nominativas achégase a seguinte información:

### A) SUBVENCIÓN NOMINATIVA TRAMITADA POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN.

Aplicación orzamentaria: **3260.489.0001 CONVENIOS FOAMPA** (606.039,31 euros)

- Nome e CIF: Federación Olívica de ANPA (F.O.A.N.P.A.) CIF: G-36.743.946
- Beneficiario: FOANPA, que é a Federación das ANPAS dos centros públicos de ensino de Vigo.
- Contía: 606.039,31 euros
- Xustificación do seu carácter nominativo: O convenio coa Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca xustifícase nas competencias que ten o Concello de Vigo para a realización das actividades ás que se refire o mesmo para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sa e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares, nas que se promoven o exercicio físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares, ao tempo que se facilita a conciliación familiar.

Con esta subvención fináncianse 52 Anpas que prestan servizo en 25 comedores escolares para 1.690 comensais; Aulas Matinais que atenden a 500 escolares e 105 actividades extraescolares nas que participan uns 2.250 alumnos.

B) Por outra banda, as seguintes achegas **non teñen a condición de subvención**:

B1. Aplicación orzamentaria: **3230.451.0000 COFINANCIAMENTO ESCOLAS INFANTÍS CCAA** (205.500,00 euros).

Non ten o carácter de subvención por canto son achegas dinerarias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a cofinanciar os servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Consorcio con base regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. (DOG núm 28, do 9 de febreiro de 2017).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/11/2022 10:24	Páxina 1 de 2
76-142	CSV: A8A4BF-5BBF31-464424-NQFWUG-1TFPU4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SERVIZO DE  
EDUCACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
EDUCACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



B2. Aplicación orzamentaria: **3231.489.0000 TRANSFERENCIAS TITORÍAS E PROFESORADO AULA UNED** (225.000,00 euros).

Non ten carácter de subvención en canto financia os compromisos adquiridos polo Concello de Vigo cunha institución de dereito público en base ao Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha aula de ensino superior a distancia da UNED.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

Conforme: o concelleiro delegado da Área de Educación, Gorka Gómez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/11/2022 10:24

Páxina 2 de 2

76-142

CSV: A8A4BF-5BBF31-464424-NQFWUG-1TFPU4-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>